CONCELLO DE BEADE
P3201100I
Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE
Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 4 DE DECEMBRO DE 2023.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Beade, sendo as dezanove horas e corenta e cinco minutos do día catro de decembro de dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnense en sesión pública os señores membros do Concello de Beade, que de seguido se citan, para celebrar sesión plenaria de carácter ordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

Dª. GABRIELA PÉREZ COSTA
D. MANUEL FORMIGO DE LA FUENTE
D. ALEJANDRO LODEIRO RODRÍGUEZ
D. MATEO RODRÍGUEZ PAZ
Dª. MARÍA DEL CARMEN RAMA COTELO

Os presentes están asistidos polo Secretario-Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde del Día, que resultan ser:

Antes de entrar a tratar os puntos da Orde do Día, polo Sr. Lodeiro Rodríguez entrégase documento para incluir na Acta, que se reproduce de seguido:

AVIDE

A Agrupación Veciñal Independente de Electores (AVIDE) solicita consten en acta as seguintes proposicións, e mocions :

1. A votación para o Orzamento municipal 2024 se leve a cabo coa totalidade dos Concelleiros.
2. No que os puntos do Orzamento se refire:

a) Taxativamente estamos en contra da partida referida á dedicación parcial do alcalde, parécenos excesiva en función do horario que se vai a por.

b) Exisimos igualmente detalle da productividade dos funcionarios, qué función son as que non fan fora do seu cometido diario

c) Nas partidas de gastos solicitamos o detalle das facturas, dietas , diferentes aportacións das distintas actividades, pagos a empresas , asociacións, detalle dos préstamos .

3. Solicitamos unha rebaixa dos impostos municipais como así se había proclamado durante a campaña electoral.

CONCELLO DE BEADE
P3201100I
Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE
Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

4. Seguimos insistindo en que o funcionariado e persoal laboral do Concello traballen a totalidade das horas dos seus contratos.

5. A limpeza por parte dos propietarios das ruinas do centro do pobo que no verano quedaron pendentes para poder realizar as queimas no inverno.

6. Moción para que o Concello solicite da Mancomunidade, " Taller de memoria e animación social" , moitos dos nosos veciños son maiores e non se está a realizar ningunha actividade para o seu desenrolo congnitivo e de saúde física, sendo estas gratuítas por parte de dita Entidade.

7. Proposta de arranxo do camiño de Vieite, xa solicitado anteriormente.

8. Proposta de arranxo do tellado do alpendre no San Roque, dito tellado está visiblemente deteriorado e os veciños fan moito uso dese lugar.

9. Proposta de arranxo do lavadeiro de As Regadas

10. Na "limpeza" do camiño de A Veiga, solicitamos ver o contrato do persoal/empresa que se encargou de levalo a cabo.

11. Así mesmo solicitamos toda a información pertinente de porqué unha persoa allea ó persoal laboral e a Corporación Municipal se está encargando de xestionar incluso económicamente actividades e outras funcions fora do seu rango, dandose plena autoridade .

En Beade a 4 de decembro de 2023

1.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION CELEBRADA CON DATA 26 DE SETEMBRO DE 2023.- Os membros presentes do Pleno, por UNANIMIDADE, aproban a mesma.

2.- DAR CONTA DE VACANTE DE CONCELLEIRO.- Con data 2 de novembro de 2023 produxose o falecemento de D. Senén Pousa Soto, que ocupaba o cargo de Concelleiro da Corporación de Beade pola Agrupación de Electores por Beade (AEPB), e do que tomou posesión na sesión constitutiva da Corporación, celebrada o día 17 de xuño de 2023, o haber sido proclamado electo coa candidatura presentada pola citada Agrupación, na que ocupaba o posto núm. 1, e de conformidade co previsto na lexislación electoral e do réxime local, así como na Instrucción da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locaies, de 10 de xullo de 2003, o Pleno toma razón do seguinte:

Primeiro. Tomar coñecemento, para a súa efectividade, da vacante por falecemento do cargo de Concelleiro que ocupaba D. Senén Pousa Soto.

CONCELLO DE BEADE
P3201100I
Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE
Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

Segundo. Comunicar este acordo á Xunta Electoral Central para que expida a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato seguinte, que segundo os datos que obran no Concello é D. Adán Formigo Sánchez, que ocupa o posto número 2 na lista electoral da AGRUPACIÓN DE ELECTORES POR BEADE (AEPB) nas eleccións locais do ano 2023.

Intervén o representante de Avide para manifestar que o Pleno debía de haber sido convocado antes dende o falecemento de Senén Pousa Soto, e neste Pleno xa estaría o novo Concelleiro.

Por parte dos representantes do grupo municipal socialista preténdese deixar para outro Pleno os puntos da Orde do Día, cando xa se incorpore o novo Concelleiro e poida participar no debate, ao que non accede a Alcaldía, manifestando que serán tratados neste Pleno.

Aluden ao cartel colocado na porta da entrada do concello na data de falecemento do Sr. Pousa Soto, co texto "cerrado por defunción", o que non lles parecía correcto, senon unha falla de respeto. Manifesta que non tivo antes o Pleno para a toma de razón da defunción do Sr. Pousa para non ter oposición neste Pleno, e que xoga coas cartas marcadas. Que ten un contrato electoral co pobo.

A Alcaldía manifesta que antes xa non asistiu a Plenos o Sr. Pousa Soto, e que non convocou outro Pleno porque entendía que tiña que ser no seguinte, correspondendo no ordinario.

3.- ACORDO ÉN MATERIA DE AGRUPACIÓN.- o Pleno do concello, en sesión de data 30 de xuño de 2023, xa adoptou acordo inicial en materia de expediente de agrupación da praza de funcionario de técnico de xestión administrativa. Administración especial, co Concello de Arnoia.

Dado o requirimento recibido da Dirección Xeral de Administración Local, sobre determinadas cuestións relativas á tramitación do expediente, procédese a complementar o citado acordo do 30 de xuño co actual.

Asemade do xa resinado no citado acordo, en canto á organización do persoal municipal, a efectos de manter cubertos os postos de traballo necesarios e imprescindibles para acometer a totalidade das competencias da actuación municipal e que ten encomendadas cada grupo de funcionarios, de acordo coa súa capacitación profesional, o Concello de Beade precisa desta agrupación para non ver mermada a súa capacidade económica e poder seguer mantendo a dotación dos servizos públicos esenciais que, como os custos de persoal, son cubertos por ingresos ordinarios.

Como reflexa o certificado da secretaría intervención do concello, os ingresos ordinarios da última liquidación do orzamento reflexan 361.187,66 €, e os gastos ordinarios 282.255,89 €, o que reflexa o axustado da capacidade económica da entidade para manter os seus servizos esenciais.

A agrupación da praza suporía liberar unha cantidade moi necesaria para adicar a eses servizos dos capítulos 1 a 5 do orzamento de gastos, sen que o funcionamento da entidade se vira mermado en materia de eficacia e deficiencia administrativa, dado que, como xa se expresou no acordo plenario anterior, a adicación parcial do funcionario sería axeitada ao volume de traballo.

O acordo plenario do 30 de xuño, designou á comisión que redactaría os Estatutos da Agrupación, o que se formalizou con data 5 de setembro de 2023, e que se inclúen no expediente.

CONCELLO DE BEADE
P3201100I
Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE
Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

Por elo, a Presidencia propón a adopción do seguinte acordo:

a) Aprobar inicialmente a agrupación da praza de persoal funcionario de técnico de xestión administrativa, aadministración especial, grupo A2, co Concello de Arnoia (Ourense).
b) Realizar a tramitación establecida no artigo 167 da citada Ley 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
c) Someter a información pública os Estatutos redactados pola comisión designada polo acordo do 30 de xuño de 2023.
d) Unha vez aprobada a agrupación pola Consellería competente en materia de réxime local da Xunta de Galicia, modificarase a RPT do Concello no que afecta a praza agrupada.

Os membros do Pleno, por UANNIMIDADE, aproban a proposta quedando elevada a acordo.

4.- ADHESIÓN CAMIÑOS MIÑOTO E GEIRA ARRIEIRO.- Pola Alcaldía dase conta da posibilidade de adhesión A Asociación Camiño Miñoto Ribeiro, así como manifestar o apoio a Asociación do Camiño Geira Arrieiro.

A posibilidade de participar nas dúas asociacións considera que pode ser de interese económico e social para o municipio, e que deberíase apoiar un único trazado.

No caso da Asociación Miñoto Ribeiro, tería un custo de 500,00 € anuais, non tendo custo, nestes intres, o Geira Arrieiro. Dos datos existentes, o Camiño Miñoto conta cunhos 50 visitantes, mentras que o Geira Arrieiro cunhos 300.

Interveñen os representantes do grupo municipal socialista para manifestar que o asunto ven ao Pleno collido con pinzas, sen documentar, sen trazado, polo que van a votar algo descoñecido.

O representantes de Avide amosa as súa dúbidas que que lle compense económicamente a Beade.

A Alcaldía resposta que a intención sería acadar un único trazado, ainda que o considera complexo. Sobre o efecto económico en Beade, podería ser a medio prazo, dando servizos para os peregrinos. Ata agora, ofreceuse o pavillón para facer noites.

Interveñen novamente os representantes do grupo municipal socialista para aludir a que o asunto non ten información suficiente, manifesto o mesmo o representante de Avide.

Pola Alcaldía sométese a votación, de xeito separado, as seguintes propostas de acordo:

Primeira.- Acordo de adhesión a Asociación Camiño Miñoto Ribeiro.

Obtense o resultado de CATRO (4) votos a favor e DÚAS (2) abstencións, as dos representantes do grupo municipal socialista, quedando, polo tanto, aprobada a proposta e elevada a acordo.

Segunda.- Acordo de manifestar o apoio ao Camiño Geira Arrieiro.

Obtense o resultado de CATRO (4) votos a favor e DÚAS (2) abstencións, as dos representantes do grupo municipal socialista, quedando, polo tanto, aprobada a proposta e elevada a acordo.

CONCELLO DE BEADE
P3201100I
Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE
Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

5.- ADICACIÓN PARCIAL ALCALDÍA.- Dase lectura a seguinte proposta da Alcaldía:

"A Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, n oseu artigo 75, establece que "los miembros de las Corporaciones locales que desempeñen sus cargos con dedicación parcial por realizar funciones de presidencia, vicepresidencia u ostentar delegaciones, o desarrollar responsabilidades que así lo requieran, percibirán retribuciones por el tiempo de dedicación efectiva a las mismas, en cuyo caso serán igualmente dados de alta en el Régimen General de la Seguridad Social en tal concepto, asumiendo las Corporaciones las cuotas empresariales que corresponda, salvo lo dispuesto en el artículo anterior. Dichas retribuciones no podrán superar en ningún caso los límites que se fijen, en su caso, en las Leyes de Presupuestos Generales del Estado. En los acuerdos plenarios de determinación de los cargos que lleven aparejada esta dedicación parcial y de las retribuciones de los mismos, se deberá contener el régimen de la dedicación mínima necesaria para la percepción de dichas retribuciones.

O artigo 75 bis da mesma lei, establece que "los miembros de Corporaciones locales de población inferior a 1.000 habitantes no tendrán dedicación exclusiva. Excepcionalmente, podrán desempeñar sus cargos con dedicación parcial, percibiendo sus retribuciones dentro de los límites máximos señalados al efecto en la Ley de Presupuestos Generales del Estado.

O Real Decreto-Lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, regula o límite máximo que poideran percibir os corporativos dos municipios de menos de 1.000 habitantes, en concepto de adicación parcial, estando fixada a adicación parcial do 50% nun máximo de 23.348,55 €/anuais.

Esta Presidencia, tendo en conta a organización as distintas áreas de intervención municipal e asuntos a tratar de competencia local, e que esixen unha adicación importante dos órganos de goberno, propón a adopción do seguinte acordo:

a) Acordar a adicación parcial da Alcaldía do 50% con efectos do 01-03-2024.
b) Fixar as súas retribucións en 1.275,00 €/mes, en 14 pagas anuais.

A Alcaldía xustifica a adicación no tempo que lle adica ao cargo, e que todo traballo debe ser retribuido cotizando á seguridade social. A persoa empobrécese se non ten outro traballo.

Interveñen os representantes do grupo socialista para aludir ao cobro de dietas que figuran nas Bases de Execución do Orzamento para a Alcaldía, manifestando a Alcaldía que non se aplican tales dietas de ter adicación parcial.

Continúan manifestando que están a favor de cobrar si se xestiona ben, o que non é o caso, non se ve xestión da Alcaldía. Asemade, no seu programa electoral non figuraba o cobro desta adicación, chegou á política de casualidade e x aquere adicación económica.

Non poden estar de acordo coa adicación xa que a xestión non existe: sen luz nas farolas que seguen sen ser reparadas, fugas de auga nas redes, fochancas nos caminos, natalidade polo chan, nula xestión de subvencións. O anterior Alcalde estaba xubilado pola súa profesión, nunca cobrou adicación do concello.

A Alcaldía manifesta que non está de acordo co manifestado, e que as farolas foron reparadas e xa non existen cortes de luz.

Os representantes do grupo municipal socialista aluden a que si ten ética o Alcalde, debería de abandoar a Alcaldía antes de cobrar a adicación, polo compromiso cos veciños. Aproveita o seu voto de calidade para adoptar este acordo. Alude a Alcaldía como un aprendiz de cacique con ínfulas de pequeño dictador.

CONCELLO DE BEADE
P3201100I
Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE
Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

A Alcaldía resposta que todos se coñecen no pobo, e saben como é el.

Intervén o representante de Avide para manifestar que existen moitas obras sen facer, como o arranxo do depósito da Presa, caminos con fochancas, desbroces…, polo que a xestión non é boa.

A Alcaldía alude a que se fixeron otras moitas actuación prioritarias, e as otras faranse cando se poida. Nestes intres, están con baixa laboral os dous operarios de mantemento.

Interveñen novamente os representantes do grupo socialista para solicitar da Alcaldía que deixe sobre a mesa o asunto, e que sexa tratado cando se incorpore o novo Concelleiro, ao que non accede a Alcaldía.

Sometida a proposta da Alcaldía a votación, obtense o seguinte resultado: TRES (3) votos a favor e TRES (3) votos en contra, polo que, o darse un empate na votación, procédese a unha nova votación, co mesmo resultado.

Dado que o sentido do voto da Alcaldía foi a favor, o seu voto de calidade decide a votación, sendo aprobada a proposta e elevada a acordo.

6.- ORZAMENTO MUNICIPAL 2024.- O Sr. Alcalde manifesta, acto seguido, que segundo consta na convocatoria debe procederse o exáme e aprobación, no seu caso, do Proxecto de Orzamento Municipal para o exercicio de 2024 cuxa estrutura acomódase a normativa vixente en materia de Réxime Local, e o seu desenrolo adáptase as prescricións que sinala o artigo 164 e concordantes do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo e R.D. 500/90, do 20 de abril. Encóntranse sobre a mesa os documentos esixidos polo artigo 165 do referido R.D.L. e disposicións complementarias, así como o Ditame da Comisión Especial de Contas, emitido en senso favorable.

Dáse conta dos capítulos que compoñen o Orzamento Municipal, de xeito pormenorizado, propoñéndose pola Presidencia a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar o Orzamento desta Entidade para o exercicio de 2024, cuxa contía queda fixada, tanto en Gastos como en Ingresos, nun total de OITOCENTOS VINTE E SEIS MIL CEN EUROS (826.100,00 €), asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS:

1.- Gastos de persoal	197.800,00 eur.
2.- Gastos correntes en bens e servizos	137.700,00 eur.
3.- Gastos financeiros	600,00 eur.
4.- Transferencia correntes	63.000,00 eur.
6.- Inversións reais	427.000,00 eur.
TOTAL ESTADO DE GASTOS	826.100,00 eur.

ESTADO DE INGRESOS:

1.- Impostos directos	165.500,00 eur.
2.- Impostos indirectos	5.000,00 eur.
3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	88.600,00 eur.
4.- Transferencias correntes	190.500,00 eur.
7.- Transferencias de capital	376.500,00 eur.
TOTAL ESTADO DE INGRESOS	826.100,00 eur.

Resultando, polo tanto, que o Orzamento aprobado non presenta déficit inicial, co que se cumpre o requisito establecido polo artigo 165.4 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo.

CONCELLO DE BEADE
P3201100I
Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE
Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

2.- Aprobar as Bases de Execución do devandito Orzamento, redactadas na forma que dispón o artigo 165 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, así como o cadro de persoal da Corporación, elaborada segundo as disposicións legais.

3.- Que se expoña o público por prazo de quince días hábiles, a efectos de exame e reclamacións, conforme o preceptuado no artigo 112.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, e que determina o artigo 169 do xa repetido R.D.L.

4.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo se considere definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios do Concello, resumido por Capítulos, segundo prescribe o citado artigo 169, e en outro caso operarase de acordo co previsto no mesmo artigo.

Sometida a proposta da Alcaldía a votación, obtense o seguinte resultado: TRES (3) votos a favor e TRES (3) votos en contra, os dos representantes do grupo municipal socialista e Avide.

Dado que se produxo un empate, procédese a unha segunda votación, dando o mesmo resultado. Sendo o voto do Sr. Alcalde en senso positivo, polo seu voto de calidade, apróbase a proposta da Alcaldía, quedando elevada a acordo.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.- Neste pu8nto da Orde do Día prodúcense as seguintes intervencións:

1.- O representante de Avide pregunta polo empregado de mantemento, Mario, si a súa baixa é enfermidade laboral ou común e si existe certificado médico no seu inicio de contrato, xa que podería facerse cargo a mutua da súa baixa, respondendo a Alcaldía que existe o certificado médico e que a baixa e enfermidade común.

2.- Tamén pregunta por persoa allea á Corporación e o persoal do concello que está a facer xestións relacionadas con actividades do concello, respondendo a Alcaldía que un grupo de nais de nenos do municipio prestáronse a organizar actividades.

Neste asunto interveñen os representantes do grupo municipal socialista para manifestar que esa persoa é Irene Álvarez, quen incluso púxose en contacto con algunha persoa para a execución de obras municipais, o que non procede.

A Alcaldía resposta que é unha labor de axuda a Alcaldía, que non ve problema.

O grupo socialista continúa manifestando que a muller do César non só ten que ser decente, ten que parecelo, que o Alcalde non ten gabinete e que Irene Álvarez non ten atribucións, non forma parte da Corporación nin do persoal do concello, polo que non procede que se tome esas atribucións.

A Alcaldía resposta que unha veciña mais de Beade que vota unha mao, como outras persoas.

Polo grupo socialista manifféstase que o Sr. Alcalde está facendo boa a labor do Sr. Pousa Soto, aludindo a que Irene Álvarez quitou a bandeira do orgullo gay que se atopaba no balcón do concello, e que non lle correspondía facelo, manifestación a que se una o representante de Avide, ao que o Alcalde resposta que non foi ela quen a retirou. Neste asunto, manifesta que existía un grupo de mulleres que fixeron distintas catividades, e que non ve o problema.

3.- Polo grupo municipal socialista alúdese ao día das eleccións xerais, faltando o Presidente para constituir a mesa electoral, correspondéndolle ao primeiro votante que chegue ao local electoral formar parte da mesa. Sen embargo, foi Irene Álvarez quen se fixo cargo da Presidencia da mesa, considerando que o Sr. Alcalde considera o concello como o seu patio particular, respondendo a Alcaldía que o que fixo foi solucionar un problema.

CONCELLO DE BEADE
P3201100I
Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE
Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

4.- Polo representante de Avide pregúntase pola limpeza da zona da Lavandeira, respondendo a Alcaldía que ten unha xuntanza cos veciños para tratar o asunto.

5.- O representante de Avide pregunta si o persoal de mantemento está capacitado para clorar a auga, ao que a Alcaldía resposta que existen cursos de formación de Aquaourense, e que estao a facer, clorando e controlando outros parámetros que se esixen.

6.- O representante de Avide pregunta pola auditoría que se fixo por Aquaourense da rede de auga, que considera que é un copia-pega de outras, e que foi moi costosa, ao que a Alcaldía resposta que foi un traballo que era necesario facer e que recollía un estudo sobre perdas de auga na rede.

7.- Polo grupo municipal socialista pregúntase polo asunto do troco do nome das rúas, que parece que se ía a tratar no pleno, pero que non figura na orde do día, e pregunta tamén qué pasou coa consulta que se ía a facer no magosto.

A Alcaldía resposta que considerouse no seu día facer esa consulta, pero descartouse, polo que será tratado polo pleno logo de ver as opcións dos grupos da Corporación.

8.- O representante de Avide pregunta polas obras de asfaltado nun camiño, que ocasionaron que se votara asfalto, se levantara, e se volvera a asfaltar para instalar unha rede de auga, manifestando a Alcaldía que eran obras independentes, con distintas subvencións e prazos de execución.

O representante de Avide continúa manifestando que as obras foron mal executadas, e que non deberían de levar asfalto; deberíase haber esperado para facelas con outros materiais, respondendo a Alcaldía que as subvencións so permitían ese tipo de obras e que facelo sen subvención no sería factible.

9.- Polo grupo municipal socialista pregúntase pola débeda coa empresa Aopil e polas facturas da degustación de viños, do magosto... se están pagadas, ao que a Alcaldía resposta que de Aopil non existen facturas presentadas e do resto das actividades faltan por pagar algunhas.

10.- Polo grupo socialista pregúntase por qué se atopan sen podar as árbores do adro da igrexa e do calvario e cando se podarán, respondendo a Alcaldía que foron podados fai dous anos e intentaranse podar iste ano.

11.- Polo grupo socialista pregúntase que se vai facer cos camiños desfeitos que pasan por diante das escolas, o da Petada, Varela, respondendo a Alcaldía que o camiño das escolas xa está arranxado, e o resto farase cando exista subvención.

12.- Polo grupo socialista pregúntase de onde procede o mobiliario que se colocou nas escolas de As Regadas e canto lle costou ao concello, respondendo a Alcaldía que procede da antiga biblioteca de Ourense, quen cedeu ise mobiliario que xa non utilizaban. O custo foi o de ir a buscalo.

13.- Polo grupo socialista solicítase da Alcaldía faga un resumo do manifesto do 25-N ao que non foron convidados os membros do grupo político, respondendo a Alcaldía que foi publicitado o acto, puxéronse carteis...

14.- Polo grupo socialista pregúntase pola licencia de apertura e obra do negocio de Gabriela Pérez, por qué se fixo no mesmo día, e se a interesada estaba presente, respondendo a Alcaldía que foi cando estaba presentada toda a documentación oportuna para a concesión, logo de rectificar o proxecto e presentar outra documentación solicitada non existindo problema en conceder ambas licencias nunha mesma sesión, sendo membro integrante da Xunta de Goberno Local.

CONCELLO DE BEADE
P3201100I
Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE
Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

15.- O grupo socialista pregunta pola obra que se pagou por importe de 40.000,00 € sen que se aboara a subvención, respondendo a Alcaldía que foi a obra dos camiños, e que a xustificación da obra esixía que estivese pagada.

16.- O grupo socialista pregunta pola iniciativa do concello para combatir a flavescencia dourada no viñedo, respondendo membros do grupo de goberno que é un asunto que leva o Consello Regulador do Viño, e que dará as directrices oportunas aos viticultores cando sexa o momento.

17.- O grupo socialista pregunta polas actividades para o Nadal e Reis, respondendo a Alcaldía que estanse a organizar actividades para nenos, Papá Noel, un campamento, así como algunha para Reis, sendo o custo dunhos 2.000,00 €.

18.- O grupo socialista pregunta pola licencia de taxi, respondendo a Alcaldía que o prego inicial non foi aceptado polo Servizo de Mobilidade da Xunta ao incluir criterios que non consideraban idóneos e que foron cambiados dos iniciais comunicados ao Servizo, e que a licencia está sen resolver.

Neste momento da sesión, por parte da Alcaldía levántase a mesma, sendo ás vintedúas horas e dez minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE, O SECRETARIO,

CONCELLO DE BEADE ALCALDÍA

CONCELLO DE BEADE SECRETARÍA

Asdo.: Fernando Taboada Guntín. Asdo.: Pablo Fernández Loureiro.